

AO PERSOAL MÉDICO E DE ENFERMARÍA DE PACs

Despois da absolutamente decepcionante xuntanza da Comisión de Seguimento dos Acordos de Primaria, que por fin o Sergas convocara grazas á insistencia de CIG-Saúde, continuamos a defender os catro puntos apoiados por máis de catrocentas sinaturas de enfermeiras/os e médicas/os de PACs:

1. Cómputo de xornada. Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.
2. Confección de calendarios. Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferenciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.
3. Cumprimento da Acta do 16 de xuño. Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vínculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.
4. Contratación de persoal das listas. Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

E para iso CONVOCAMOS AS SEGUINTES **MOBILIZACIÓNS**:

1. **Concentracións nas xerencias de cada área** (ou no lugar alternativo que se decida en cada comarca), que comezarán ás **11 horas do día 31 de xaneiro**.
2. **Concentración diante do SERGAS**, en Compostela, **ás 11 horas do día 7 de febreiro**.

Se non concordas co SERGAS en que nos PACs "todo vai ben" participa nas mobilizacións